

Proxecto de DECRETO/2016, do.....polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia

O Programa sobre o Home e a Biosfera (**MAB**), é un Programa Intergobernamental da UNESCO, creado co obxectivo de establecer unha base científica para mellorar a relación das persoas coa súa contorna. Promove a investigación interdisciplinaria en ciencias naturais e sociais e a capacitación en xestión dos recursos naturais, en particular, sobre a conservación e o uso sustentable da biodiversidade.

Para a execución do seu traballo no terreo o **Programa MaB** centra as súas actuacións na *Rede Mundial de Reservas da Biosfera*, fomentando o intercambio de coñecementos entre as reservas, a investigación e o monitoreo, a educación, a formación e a toma de decisións participativa.

As **Reservas da Biosfera** son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, en ambientes terrestres, costeiros e mariños, nas cales a integración da poboación humana e as súas actividades coa conservación son esenciais.

As **Reservas** son tamén lugares de experimentación e de estudo do desenvolvemento sustentable que deben cumprir tres funcións básicas:

1. conservación da biodiversidade e dos ecosistemas que conteñen,
2. desenvolvemento das poboacións locais, e
3. unha función loxística de apoio á investigación, á formación e á comunicación.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade crea a Rede española de Reservas da Biosfera, establecendo os seus obxectivos e características. En 2016 son 48 as Reservas da Biosfera en España, distribuídas en 15 das 17 comunidades autónomas, sendo tres delas transfronterizas, das cales unha é intercontinental. Galicia contribúe a esta Rede de Reservas con 6 RB, das cales una esténdese por dúas comunidades autónomas e outra é transfronteriza.

A existencia dunha Rede garante a cooperación entre reservas e permite a súa interacción e a súa actuación como unha auténtica rede de aprendizaxe do desenvolvemento sustentable.

O artigo 7 do Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (Resolución 28 C/2.4 da Conferencia Xeral da UNESCO, 1995) regula a participación en Rede. Á súa vez, o artigo 8 aborda as subredes rexionais e temáticas, considerando que os Estados deben propiciar a constitución e o funcionamento cooperativo de subredes rexionais e/ou temáticas de reservas de biosfera e fomentar, no marco destas subredes, o intercambio de información.

A Constitución española reconece no seu artigo 45.1 que «Todos teñen o dereito de gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo», e o seu artigo 149.1.23 establece a competencia exclusiva do Estado para a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades que teñen as comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30, faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais.

Na actualidade existen en Galicia seis territorios declarados como Reserva da Biosfera: Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, Río Eo, Oscos e Terras de Burón , Transfronteiriza Gêres-Xurés, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

No contexto actual, tendo en conta a necesidade de dar cumprimento aos obxectivos do programa MaB, así como o número e importancia das Reservas da Biosfera existentes en Galicia, cómpre configurar unha Rede que cohesione e reforce os vínculos existentes entre as distintas Reservas da nosa Comunidade Autónoma, tanto as actualmente declaradas, como aquelas que se podan incorporar no futuro.

O presente decreto ten por obxecto crear a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, en aras de facilitar a consecución dos fins destas Reservas, por considerar que para o logro dos seus obxectivos é primordial o intercambio de experiencias e coñecementos.

O decreto estrutúrase en 3 artigos e 3 disposicións derradeiras.

Na súa virtude, por proposta da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de acordo co Consello Consultivo/oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día -----
-----de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Este Decreto ten por obxecto crear a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, na que se incluírán os espazos declarados Reserva da Biosfera, pola UNESCO, en Galicia.

As Reservas da Biosfera que se declaren pola UNESCO en Galicia con posterioridade á entrada en vigor deste decreto pasarán a integrarse na Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

Artigo 2. Obxectivos da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia

A Rede de Reservas da Biosfera de Galicia ten como obxectivos os seguintes:

- a) Crear novos vínculos entre as Reservas da Biosfera declaradas en Galicia, e reforzar os xa existentes
- b) Propiciar a colaboración entre todas as Reservas integrantes da Rede, para avanzar na consecución dos seus obxectivos de conservación, desenvolvemento e apoio á investigación
- c) Fomentar a cooperación entre os integrantes da Rede, promovendo a realización de proxectos comúns
- d) Constituír a canle adecuada para o intercambio de coñecementos e experiencias das distintas Reservas integrantes da Rede
- e) Colaborar con outras Redes territoriais ou temáticas do Programa Home e Biosfera
- f) Reforzar a posta en valor das Reservas da Biosfera de Galicia como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación
- g) Promover o coñecemento e difusión dos valores das Reservas da Biosfera de Galicia

Artigo 3. Xestión da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia

Para a xestión da Rede créase o Comité de Coordinación da Rede de Reservas de Galicia, como órgano colexiado con sede na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, cuxa presidencia ostentará a persoa titular da devandita Consellería.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Comité de coordinación*

A composición, funcións, organización e funcionamento do Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia establecerase regulamentariamente, de conformidade co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, -----dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio